

POR QUÉ CON CNT?

- **Porque somos un sindicato independiente.** CNT non está vinculada a ningún partido que poida condicionar as nosas accións en función de intereses políticos.
- **Porque somos un sindicato autoxestionado.** CNT mantense coas cotas da súa afiliación. Non recibe nin solicita subvencións, non nos debemos a ninguén, só á clase traballadora e @s nos@s afiliad@s.
- **Porque non temos liberad@s.** En CNT, as nosas afiliadas e afiliados non gozan de beneficios nin privilexios.

COMO FUNCIONAMOS EN CNT?

- **Somos un sindicato asambleario.** En CNT as decisións tómanse de maneira horizontal, tod@s @s traballador@s son iguais, todas as voces valen, todas as voces contan.
- Loitamos pola repartición do traballo e a riqueza, contra a desigualdade económica e social. En CNT practicamos a **solidariedade e o apoio mutuo.**
- **Non participamos das eleccións sindicais nin dos comités de empresa.** En CNT **non permitimos que ninguén decida por nós**, En CNT son @s traballador@s @s que deciden e negocian directamente coa empresa.
- En CNT practicamos un **sindicalismo** baseado na **implantación real** da nosa afiliación nas empresas a través das Seccións Sindicais.

EN QUE ME BENEFICIA AFIARME A CNT?

- En CNT **ninguén decide por ti.** As túas propostas escóitanse e débátese en asemblea.
- En CNT **defendemos os intereses das persoas traballadoras** e son elas quen deciden.
- EN CNT poñemos en marcha unha **formación sindical periódica e gratuíta** para que @s afiliad@s coñezan os seus dereitos e o seu descoñecemento non sexa una fonte de abusos.
- CNT é **sensible** aos problemas e as **inxustizas sociais** participando activa e solidariamente con colectivos especialmente sensibilizados en temas de ecoloxía e defensa do territorio, decrecemento, soberanía alimentaria, antimilitarismo, feminismo,...

#UNIÓN.

PORQUE SOA NON PODES.
XUNTAS SOMOS MAIS FORTES

#DEREITOS.

PORQUE CONEZO E DEFENDO
OS MEUS DEREITOS LABORAIS

#SOLIDARIEDADE.

PORQUE SE TOCAN A UNHA
TÓCANNOS A TODAS

#INDEPENDENCIA.

PORQUE NON TEMOS LIBERAD@S
NIN RECIBIMOS SUBVENCIÓNS

#ACCIÓN DIRECTA.

PORQUE DECIDIMOS AS
TRABALLADORAS, SEN
INTERMEDIARIOS



COASA
Sección Sindical
coasa@cnt.gal

<https://cnt.gal/coasa/>



ALLARIZ-OURENSE
GALIZA

allariz@cnt.gal
<https://cnt.gal>

SEN SUBVENCIONS - SOLIDARI@S - EFICACES

Conta
con 

xuntas
somos
máis fortes



Sección Sindical
COASA

OURENSE

INDEPENDENTES - SEN LIBERAD@S - ENTRE IGUAIS

A SECCIÓN SINDICAL. COMO FUNCIONA?

- As seccións sindicais están formadas polo grupo de traballadores e traballadoras afiliadas a CNT na empresa ou centro de traballo.
- CNT deposita o peso da acción sindical nas Seccións Sindicais dando vía, desta maneira, á acción directa e á democracia directa.
- Como CNT non participa das eleccións sindicais, nin dos comités de empresa, a Sección Sindical é o órgano de representación d@s traballadoras afiliad@s a CNT dentro da empresa.
- @s afiliadas de CNT organizanse ao redor da Sección Sindical e toman as decisións de maneira asemblearia.
- As Seccións Sindicais están lexitimadas para facer reclamacións e melloras á empresa e poñer en marcha unha negociación colectiva.
- @s delegad@s sindicais de CNT non están liberad@s, sen privilexios, son como calquera outr@ traballador@ participando do cotián e dos mesmos problemas que afectan a outr@s compañeir@s.
- @s delegad@s sindicais de CNT son @s representantes legais da Sección Sindical. Transmiten os acordos tomados pol@s traballador@s na asemblea e son o nexos de unión entre a Sección e o Sindicato.
- As Seccións Sindicais tamén conforman as Secretarías e Grupos de traballo necesarias para que as seccións sexan dinámicas, efectivas e funcionais.
- En CNT, os cargos son representativos, sen capacidade de decisión e caso de non axustarse aos acordos tomados e da CNT, poden ser revogados en calquera momento.

NON AOS COMITÉS DE EMPRESA NIN ÁS ELECCIÓNS SINDICAIS
Aquí todas contamos

NON FIRMAMOS ERES NIN DESPEDIMENTOS
Non empeoramos as condicións laborais

NON RECIBIMOS SUBVENCIÓNS
Mantemos a independencia

NON TEMOS LIBERADOS/AS
Deciden traballadores e traballadoras



- Nunha Sección Sindical todos os cargos que ostenten representación pública dentro da empresa ou asuman secretarías, polo feito de realizar a súa actividade sindical quedan protexidos fronte a despedimentos, sancións, traslados ou discriminación, pois estamos ante un dereito fundamental.

AS VANTAXES DO NOSO MODELO FRONTE Á REPRESENTACIÓN UNITARIA

1.- Dependere dun tempo electoral de 4 anos é sindicalmente un absurdo. Os problemas laborais necesitan solucións xa, e non poden esperar a taticismos electorais, tan habituais nas empresas. Nós poñemos o peso da acción sindical na Sección Sindical e non na electiva. Por iso podemos ser máis flexibles e máis rápid@s en multitude de situacións. Á súa vez non nos temos que circunscribir a ningunha estrutura electoral que a empresa deseñase para limitar a eficacia da representación unitaria.

2.- A representación sindical, ao quedar á única e exclusiva tutela do Sindicato, resulta inexpugnable a calquera manobra por parte da empresa.

3.- Nun contexto aínda máis cotián, as horas sindicais pódense considerar unha subvención indirecta (empresarial) que pode condicionar a actuación dos e das delegadas do comité de empresa. As seccións sindicais de CNT, ao ter unha independencia económica real, en ningún caso verán limitada ou condicionada a súa acción sindical ante inxerencias empresariais ou institucionais.

4.- A elixibilidade e revogabilidade de representantes é un acerto da democracia directa máis pura. Coa representación unitaria é moito máis complicado e no proceso é moi fácil intervir con intereses da empresa.

5.- A lexitimidade obtense por implantación afiliativa, e iso é o requisito indispensable para poder negociar con todas as capacidades, que é o único que realmente respecta as empresas. Se non tes peso e incidencia real, se o que tes, en cambio, é audiencia permitida pola empresa, a negociación será sempre de débil a forte polo que pouco se poderá conseguir. Que se obtén cando se negocia nesas circunstancias? Migallas. Para negociar e optar a conseguir melloras reais, debes ter peso. O voto, non xera compromiso. Reunirte cos teus compañeiros e compañeiras e tomar acordos, en cambio, si.

6.- O control total por parte do sindicato do seu órgano na empresa garante o cumprimento dos acordos tomados polos persoais fronte ás presións externas ou posicións individualistas. Se os representantes sindicais non teñen por que cumprir co acordado polo seu Sindicato, como pasa coa representación unitaria, calquera acordo útil para as persoas traballadoras é un puro espellismo.

7.- A representación electiva por parte do persoal non ten ningunha obrigação legal de seguir as directrices da mesma, nin o persoal ten ferramenta práctica ningunha para obrigar aos seus representantes para actuar de determinada maneira. Coas Seccións Sindicais non sucede isto, grazas aos nosos estatutos, ao tomar as decisións en asemblea e por maioría simple. As nosas seccións son, polo tanto, un auténtico organismo de democracia directa.



QUEN É QUEN NA SECCIÓN SINDICAL

*Todos os cargos quedan protexidos de despedimentos, sancións, traslados ou discriminacións por mor da súa actividade sindical.



ASEMBLEA

Máximo órgano, é onde se toman as decisións. Todas as voces teñen o mesmo peso nas asembleas



DELEGADO/A SINDICAL

Representante legal e voz da Sección Sindical. Transmite os acordos e posicionamentos da asemblea. É o nexos de unión entre a Sección e o sindicato.



SECRETARIOS/AS

Se a nosa Sección Sindical é suficientemente grande deberemos cubrir as diferentes secretarías, se é pequena repartimos os diferentes traballos entre as persoas que formamos parte.

O noso modelo sindical, é propio de CNT e de ninguén máis, A Sección Sindical, é un órgano colectivo con enfoque de participación, polo que a nosa táctica de acción directa ten un leito real para a súa posta en práctica, máis aló de discursos e consignas simbólicas